

NOTA DE PRENSA

BESTEIRO APOIA EN ANTAS DE ULLA A CANDIDATURA DE PILAR GARCÍA PORTO "PARA FREAR O RETROCESO DESTE CONCELLO, QUE XA É O MÁIS PARALIZADO E ENDEBEDADO DA COMARCA"

A candidata á alcaldía garante que "haberá axudas ao fogar municipais e melloraremos a comunicación coas aldeas"

Antas de Ulla, 23 de abril de 2015. O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, respaldou esta noite en Antas de Ulla a candidatura encabezada por Pilar García Porto e manifestou que "necesitamos un cambio urxente para frear o retroceso neste concello, que xa é o máis paralizado e endebedado da comarca".

A alcaldable socialista lidera unha candidatura renovada no 75% dos seus integrantes, todos veciños vinculados a este municipio. Porto adiantou que presenta un proxecto progresista, que combina creación de emprego estable, impulso de servizos sociais e dotacións públicas no rural.

Trátase, dixo, de buscar "a implicación directa dos veciños, así como rachar coa cadea hipotecaria so Partido Popular, pois en tan só un ano, a débeda local aumentou en máis de 1,2 millóns de euros e xa ronda os 2 millóns. Temos que frear o retroceso no que o Goberno municipal ten sumerxido ao noso municipio".

Deste xeito, como principais compromisos destacou, ademais de liquidar a débeda e investir en emprego, garantir as Axudas no Fogar e que hoxe son unha realidade grazas á colaboración da Deputación, posto que a Xunta do Partido Popular suprimiu a súa achega.

A este respecto, para mellorar a atención aos maiores, adianta a creación dun centro de día público, así como a ampliación da residencia; un proxecto que contempla o orzamento municipal, pero totalmente bloqueado pola desidia e abandono do alcalde e do seu equipo, que foi incapaz de aprobar o PXOM que se fai imprescindible para desenvolver esta e outras edificacións.

En materia de infraestruturas, a socialista aposta por facer posible que todas as aldeas contén con accesos viarios, traídas de auga e sumidoiros en condicións, posto que, por exemplo, hai redes de traída, como a do propio casco urbano onde as tubaxes teñen uralita, que é tóxica e é causa de avarías. "Refírome a dotar aos veciños de tanques de auga para abastecer ás súas explotacións, de zonas de acopio dos plásticos do silo ou mellorar o servizo de recollida de lixo.

A nosa firme aposta é defender a vida no campo, tal e como vimos facendo dende a Deputación”, subraiou.

Asemade, engadiu que “queremos traballar conxuntamente, creando unha rede de cooperación entre concello e colectivos culturais, deportivos e sociais para contribuír coa súa labor. Por exemplo, con novos investimentos ou poñendo á súa disposición o patrimonio municipal público, o que é de todos os veciños, como as canteiras, o pavillón de Frádegas, a casa escola de Amarante, Peibás, Barbalde ou as escolas de numerosas aldeas”.

Neste senso, outra das propostas que presenta a socialista é crear unha oficina municipal de colaboración empresarial, na que profesionais de todos os sectores, dende gandeiros, autónomos ou PEMES, atopen no concello un aliado para o impulso dos seus negocios.

“A mellor para pilotar este proxecto”

Pola súa banda, o secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- amosou a súa satisfacción por participar na presentación desta candidatura “e da mellor candidata para os veciños deste municipio”. “Pili, creo que eres a mellor para pilotar este proxecto porque, alá onde tes responsabilidades de goberno, traballas con humildade, honestidade e lealdade; tres valores que creo que en política son extraordinariamente importantes e necesarios, sobre todo, nos tempos que corren”.

E é que o Partido Socialista, dixo, “somos os únicos que podemos ofrecer un cambio seguro en Antas de Ulla, xa que contamos con vontade, ideas e un gran equipo para gobernar, que será capaz de reverter a situación económica tan dramática que está a vivir este concello. Sabemos que a caixa do PP é o déficit e a débeda. O señor Rajoy dicía que ía facer máis con menos... Algo falla na calculadora do Partido Popular porque non fai falta ser economista para saber que sumamos menos con menos, o resultado é menos: menos servizos públicos, menos Sanidade, menos Educación, menos prestacións, menos axudas para a dependencia.... E o que ninguén pode negar é que hoxe as familias estamos peor, e as de Antas tamén”.

O dirixente dos socialistas lucenses realizou estas afirmacións porque neste concello da Ulloa, “hai un alcalde que o único fai é endebedarse e, por riba, non fai os deberes”, xa que non rende as súas contas ante o Consello de Contas, a pesar de que está obrigado a facelo por lei; o que provoca que teña unha penalización e lle resta capacidade para poder recibir subvencións doutras administracións.

“Isto é o mundo ó revés: non xestiona e por riba permítese o luxo de perder os cartos que veñen doutras administracións.... Vós entendédelo?”, preguntouse Santín. Sen embargo, Pilar García Porto, engadiu o secretario Provincial, “conta



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Nacional Galega

Oficina de Prensa
Rúa do Pino, 1-9 baixos
15704 Santiago de Compostela
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

con experiencia, ganas por facer ben as cousas, ideas e, sobre todo, moita moita ilusión por axudar aos teus veciños. Por iso, estou convencido de que o vai a conseguir porque o seu proxecto é un proxecto con talante e con talento. Non dubido que, con Pilar García Porto, este concello recuperará o prestixio que, lamentablemente, perdeu co Partido Popular”.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE